

os veos da paisaxe
eduardo estévez

Todo paisaje es un velo
(Eduardo Mileo)

son tempos
de pensar a ausencia

de gardarmos
nun caixón as bágoas

son tempos de ollar a chuvia
a través dos cristais

embazada a memoria

botar as redes
cubrirnos de vento

hai un país de catedrais

homes en silencio

longos camiños cara ao mar

a paisaxe ocúltase
tras unha vaga néboa

a paisaxe ten sete veos
e no fondo
núa
aniña a memoria

mira os barcos no peirao

como se xuntan
e se afastan coas ondas
mira as gaivotas
a se acochar unhas
canda as outras

os pescadores
co ollar detido
no horizonte

a mañá

ondea a roupa no tendal

recibe outra vez o orballo

cos primeiros merlos
acordan os cans
os homes
miañan ao sol
húmido do mencer

a auga que baixa
das montañas
corre polas rúas baleiras

nas casas só quedan
sombras
algún ancián
que xa esqueceu o calendario

son tempos
de pensar a ausencia

o home vello á sombra
da aciñeira
conta as cabras
e dálles nome

a vella muller na cociña
nomea os paxaros
os días e as dores

a campá non ten badalo

só o gorgolexo
das pombas toca a misa
ou a defunto

neste muro hai os prantos
de amor de moitas mozas
e homes vellos
e deuses

nos balcóns xa non quedan
xasmíns nin cravos nin rosas

morreron coa xeadá
o último inverno

conta cada un
dos seus cabelos

coñece cada liña
cada movemento

cando ergue o sol
e orballa nos roseiras do patio
fíos de la acomoda en certos
e determinados lugares

elena
atada nos espellos
peitéase
todo o día

as cociñas
cheiran a ourego

os manteis vermellos
o vapor das cazolas

o golpe das culleres
co ferro en cada remexida

os risos entre os muros

paxaros engaiolados

na mesa
unha cesta con froitas de louza
e teas de araña

fumegan os pratos

falan alto as mulleres na praza

por un momento
a paisaxe non ten veos

a follasca bate
con dozura portas e fiestras

logo pérdese

non hai
ninguén para escoitala

na cociña unha avoa
remexendo no caldeiro

no cuarto unha curmá de
quince anos
deitada co seu mozo
ás agachadas

a tarde

as horas son máis lentas
á sombra do limoeiro

e cando chove séntense
as pingas no tellado nas
pólas secas o pranto
nas paredes balorentas

os balcóns
énchense de flores co verán

unha moza corta o seu orballo

pono no xerro da sala
xunto á foto do pai morto

no patio
unha vella figueira de pólas longas
cubertas de ouricelas

os soños
confúndense a esta hora na follaxe

as árbores da infancia
inclínanse sobre o alxibe

buscan a súa imaxe reflectida
no espello de auga

esta terra pertéceme
terra branca de séculos e cinza

acógame esta terra
estas árbores de mans abertas

hai unha carballeira gris

un río nalgures que murmura

paxaros

néboa

recantos desta terra prometida

a tarde

chega do rio
o canto das lavadeiras

no pomar o vento procura
a idade nas follas
o silencio nas cortizas

tras destes muros
unha moza esperou

todo o día

os días seguintes

o home que a levase lonxe
a algunha nova terra
e máxica
vestida de branco e
cun ramo de lirios nas mans

atoparasme no camiño
preto da última árbore

a derradeira

pérdese a follasca
vaise espallando
cara ao horizonte

que é como dicir

cara a ningures

na fiestra os últimos
efémeros fíos do sol
nas pólas máis altas

cando é tarde só quedan
pedras e poeira no camiño

a noite

unha bandada emigra da paisaxe

en leitos de ferro

tras as cortinas
as rapazas agachan
os seus soños prohibidos

presos entre as sabas

os farois
arrandean co vento e no campanario
o moucho vixía
as casas silenciosas

espantallo

mantén afastadas as lembranzas

polas casas
a silueta dunha muller

sobre a paisaxe feminina
debrúzase a noite

a terra ten cansazo de auga
nas fendeduras

nos ritos do verán
o plenilunio

silencio
esta noite está pechada para os grilos

acender
unha candea a santo antón
e mais outra á macarena
para que nos libren de todo mal
de todo medo

a paisaxe prega en silencio
pide perdón
antes de quitar o último veo

nesta lingua sen nome
sen bandeira
acougan os meus ósos
do frío e da distancia

nesta terra anterga

téño dito

descansan os meus ósos